

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO PARA PERSOAS CON ALZHEIMER

No Ano Galego do Alzheimer, a Secretaria Xeral de Política Social e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, poñen en marcha un programa de voluntariado co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas que padecen a enfermidade de Alzheimer e das súas familias e cuidadores.

Este programa xorde coa idea de fomentar que os cidadáns teñan un maior coñecemento e solidariedade cara ás persoas que padecen esta enfermidade e contribúan a garantirlle unha vida digna a estes enfermos, na súa maioría persoas maiores.

O apoio de persoas voluntarias na atención dos enfermos de Alzheimer permítelles gozar da compañía doutras persoas e axúdalles a mellorar o seu estado de ánimo, e para as familias e persoas cuidadoras é unha axuda de gran valor.

As persoas que queiran prestar acción de voluntariado con este colectivo poderán colaborar nos seguintes centros dependentes da Consellería de Traballo e Benestar:

Centros de día de Alzheimer de

A Coruña:

- A Coruña
- Ferrol
- Ribeira (AGADEA)
- Santiago de Compostela (AGADEA)
- Santiago de Compostela. Volta do Castro

Lugo:

- Burela
- As Gándaras (Lugo)
- Lugo (AFALU)
- Celeiro (Viveiro)

Pontevedra:

- Lalín (Geriatros)
- Moaña
- Vigo

Residencias de Maiores de:

A Coruña:

- Laraxe (Cabanas)
- Concepcion Arenal (A Coruña)
- Torrente Ballester (A Coruña)
- Caranza (Ferrol)
- Oleiros
- Ribeira
- Volta do Castro (Santiago de Compostela)

Fundación José Otero-Carmela Martínez (Santiago de Compostela)

Lugo:

Castro Riberas do Lea(Castro de Rei)

As Gándaras(Lugo)

Quiroga

Ourense

Bande

Nosa Señora dos Miragres (Barbadás)

Larouco

Pontevedra:

Meixueiro (Vigo)

Monte Arieiro (Vigo)

As persoas voluntarias realizarán nestes centros fundamentalmente funcións de acompañamento. Estarán dirixidas por un profesional ou responsable do centro e contribuirán a que os usuarios participen nas diversas actividades que se desenvolven no centro, a apoialo na súa mobilidade, a realizar as actividades da súa vida cotiá e a ocupar o seu tempo libre.

As persoas voluntarias tamén poderán realizar as súas tarefas con enfermos que viven nos seus propios domicilios, proporcionándolles acompañamento e apoiando aos seus cuidadores habituais, sempre e cando estean interesados en recibir este servizo.

As entidades interesadas en contar con voluntarios para acompañamento domiciliario son:

Asociacións de familiares de enfermos de Alzheimer

AFAL (Ferrolterra)

AFAOR (Ourense)

AFAMO (Morrazo)

AGADEA (Vigo)

As persoas interesadas en participar como voluntarios neste programa, pódense inscribir no seguinte enderezo:

<http://www.voluntariadogalego.org/web/modulo.php?mod=ppr&idc=78#forsux>